

ESTE FOI O NOSO
1º TRIMESTRE
CURSO 2025-2026

FAMILIAS

Con esta documentación pedagóxica queremos ensinarvos algúns momentos que coleccionamos na aula dende que chegamos á escola.

Con ela, mergullarémonos no día a día do alumnado vendo unha parte do seu proceso ensino-aprendizaxe.

O que esta documentación contén non representa ao completo todos os momentos e aprendizaxes vividas, pero si é unha achega e un recordo dos primeiros pasos na Educación Infantil, a base de aprendizaxe na vida.

Agardo que a desfrutedes!



PRIMEIROS ENCONTROS NA ESCOLA

A reunión grupal entre o centro e a familia serviu para ter un primeiro achegamento ao contexto escolar. Preparouse a aula coa finalidade de expresar unha benvida aos familiares e aos nenos/as nos próximos días.

Comentouse toda a información relacionada co funcionamento da etapa e do centro, así como se pretendeu ofrecer un espazo para resolver dúbidas lóxicas ante unha nova etapa para moitas das familias.

Grazas pola colaboración!



PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación foi o primeiro contacto dos nenos/as co novo centro educativo.

Foron días cheos de expectativas, novas ilusións, pero tamén de preocupacións.

Con moito agarimo, acompañamento e comprensión, superamos os nosos primeiros días na escola coñecendo novos amigos/as, mestras, espazos, materiais...





PRIMEIRAS ACTIVIDADES



O paso dos días deu lugar ao achegamento ás novas rutinas de aula e actividades de achegamento ao contexto escolar.

Foron días de falar moito, contarnos experiencias, compartir coñecementos, saber expectativas dos nenos/as sobre o que pensaban que ían vivir na escola, xogar entre todos/as...



Usos sociais:
“ola”, “bos días”,
“que tal estás?”...

Rutinas de hixiene
Rutinas de merenda
Rutinas de recollida



PRIMEIRA VISITA Á BIBLIOTECA

A Biblioteca é un lugar importante, a través dela traballamos o proxecto do centro “Artistadas” e serve de nexo de unión entre os nenos/as e a lectura, o desfrute polas historias, a investigación por temas de interese, o descubrimento de personaxes con personalidades variadas... É un espazo cheo de maxia!



Aprendizaxe Baseada en Proxectos:

mediante unha temática de interese para o alumnado, traballamos na aula todas os obxectivos e áreas de desenvolvemento

COÑECEMOS Á FADA MARIÑA

A Fada Mariña é a personaxe da nosa Biblioteca.
Dende o lonxano océano, trae moitas historias
novas para coñecer e tamén nos anima a realizar
o seu “Venres de Historias” no que nos presenta un
conto e unha actividade relacionada.



Atención
Comprensión
Memoria
Animación á lectura
Emocións

CALENDARTE

A Fada Mariña manda cada trimestre un reto do proxecto Artistadas. Este primeiro trimestre precisaba axuda para facer un calendario. Non tiña nin ilustracións nin días da semana. A nós tocounos o mes de setembro e mirade que solpor máis bonito fixemos!



Expresión plástica
Creatividade



SETEMBRO

INSPIRADO EN: TÉCNICA DE SALPICADO



LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

ELABORADO POLA AULA DE: **4ºA DE EDUCACIÓN INFANTIL**

Aproveitamos un dos nosos momentos de relaxación para captar unha imaxe tranquila e así quedou!

O NOSO NOME

A rutina do encargado/a do día abriunos un interese moi significativo: o noso nome.

Pouco a pouco fumos mostrando curiosidade polo son das letras, onde aparecían nos contos, cantas letras ten o noso nome...

Dende aquela non paramos de xogar con elas con distintos materiais e actividades!

Conciencia fonolóxica:



traballar os sons das letras é clave na adquisición futura dos procesos da lectura e da escritura.



Aprendizaxe manipulativa:

xogar coas mans con distintos materiais axuda na integración das formas e trazos que están na vida cotiá






Gustounos moito unha actividade na que os nosos nomes estaban perdidos e tivemos que buscalos comezando a asocialo de forma visual e global


OUTONO

Os cambios que comezaron a darse na nosa contorna: cambios de cor nas árbores, caída da folla, baixada de temperaturas... deu paso a investigar sobre aspectos do outono. Centrémonos nas cores , nos froitos, nos animais...



Experimentación
A nosa contorna
Conteo
Vocabulario





Clasificamos as cores que vemos en outono e experimentamos con materiais de refugallo para ver as súas potencialidades creativas para o proxecto ARTISTADAS



Exploramos os
elementos
naturais do
outono que temos
en Betanzos e
nos arredores.
Grazas familias!



Fixemos un personaxe de outono con ollos, nariz, boca, colo, corpo, brazos, mans, pernas e pés...



Xogamos a ser Arcimboldo, un artista que fai retratos con elementos de outono






Tamén coñecemos a Yayoi Kusama, unha artista contemporánea que ten moito gusto cos puntos.

SAMAÍN

Samaín foi unha festa moi agardada polo alumnado. Cheos de emoción fixemos unha chea de actividades moi divertidas e ata elaboramos a nosa propia merenda terrorífica!




Organización
Clasificación
Psicomotricidade fina
Vida práctica
Secuenciación
Atención
Memoria





Elaboramos moita decoración para a nosa aula.
Que pantasma tan terroríficas!



Fixemos o noso primeiro experimento.
Que pasará? Hipóteses, experimentación e conclusións.



Elaboramos a nosa merenda de Samaín:
PINCHOS TERRORÍFICOS.
Ingredientes, pasos a seguir e moita precisión!



SAMAÍN 2025

MAGOSTO

Neste cole non se para e logo do Samaín celebramos o Magosto por todo o alto. Achegámonos á nosa tradición e fixemos zonchos con castañas. Adornámoslos ao noso gusto e lucímoslos nun baile con todos os demais amigos/as.



A nosa tradición
Conteo
Series
Vocabulario
Dramatización
Baile

INSTALACIÓN DE OUTONO

As instalacións artísticas preséntanse como unha metodoloxía activa na que o alumnado ten oportunidades máximas de experimentación e exploración con elementos que se lle presentan de maneira significativa e estética.



Observación
Exploración
Expresión
Creatividade
Psicomotricidade fina



Como ulía a eucalipto!

OBRADOIRO DE DEBULLAR

Cando rematou a instalación do outono tiñamos moito material natural que é moi significativo empregar na aula para facer actividades. Coas mazarocas de millo achegámonos a unha tarefa tradicional da nosa contorna: debullar, quitar os grans de millo.

Como nos encantou!

Descubrimos alimentos que se fan a través do millo: pan, biscoitos e ata palomitas!



Psicomotricidade fina
Trasvases



A nosa primeira actividade en pequeno grupo!




Rexistrando o vivido para non ser esquecido!



O NOSO CORPO

Co paso das experiencias, a rutina do encargado/a do día complementouse cunha nova actividade: facer o noso propio debuxo.

Dunha maneira respectuosa co seu nivel e con moitas ganas de expresarse, os nenos/as comezaron a crear os seus primeiros retratos de si mesmos. E como vemos xa a evolución!



Observación
Respecto pola
diversidade
Partes do corpo
Funcións do corpo
Sentidos
Trazo
Precisión



Cando falamos dos debuxos dos demais, sempre nos sae dicir cousas bonitas: "me gusta", "es bonito"...

XOGOS E MÁIS XOGOS

Ademais de actividades enmarcadas nos proxectos e nos centros de interese, no día a día realizamos unha tarefa moi importante para o alumnado:
o xogo.


Preséntanse xogos diversos: dirixidos, libres, manipulativos, simbólicos, corporais, musicais... Non sabemos cales son os noso favoritos, variamos moito e desfrutamos moi por igual de todo!



Escoita activa
Respecto de quendas
Paciencia
Colaboración
Petición de axuda



A nosa recta numérica sempre nos divirte moito!




Comezamos o sistema de conteo identificando cantidade cos nosos dedos para logo ir identificando o número






25 DE NOVIEMBRE

Ademais das festas tradicionais, no centro tamén temos en conta unha serie de conmemoracións e unha delas é o 25 de novembro: Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Dunha forma adaptada ao nivel psicoevolutivo do alumnado, a través de contos como “O país dos mandóns” ou “O libro dos Porcos” o alumnado puido facer a súa propia reflexión sobre a non violencia representando palabras bonitas.



Reflexión
Expresión de ideas
Comprensión
Valores
Emocións
Convivencia



ABRAZOS

BESOS

MAMÁ

IGUALDADE



DANZACONTOS

Tivemos a visita de Laura Martínez, de Danzacontos e gozamos a tope co "Carnaval do Brasil".
Viaxamos, cantamos, bailamos e que ben o pasamos!



Atención
Observación
Dramatización
Emocións



NADAL

O Nadal é unha festividade moi desexada polos nenos/as. É unha tempada chea de personaxes especiais que enchen de maxia aos máis pequenos/as.

Dende a aula tratamos a festividade como un momento de xuntanza entre a familia no que a felicidade e a emoción enchen os fogares. Tratamos a importancia de valorar agasallos especiais, fuxindo do excesivo consumismo e fixemos a nosa propia festa de fin de ano e ata viñeron os Reis Magos!

FELIZ ANO 2026!

Festas tradicionais
Valores
Conteo
Vocabulario
Experimentación
Respecto pola
diversidade

CALENDARIO CHEO DE RETOS

Durante o mes de decembro tivemos na aula un calendario de advento adaptado aos días lectivos no que Maruxiña, a nosa personaxe da aula nos convidaba a facer un reto de Nadal: adornos especiais para o cole, para a casa, portadas de Nadal... e moito máis!



Festas tradicionais
Agasallos á man
Valores
Creatividade



Decoramos a aula com árvores de Nadal con piñas



Decoramos a nosa porta coas nosas mans




Creamos acivros con material de refugallo.
Se cada un ten tres tapóns, cantos poderemos facer
con todos? Puidemos facer 3 e sobraban 2.



Fixemos os nosos adornos para a árbore do cole.
Que bonitas quedaron!



Elaboramos unha das nosas portadas
dos traballíños do 1º trimestre!



Xogamos a un bingo de Nadal!
Coñecemos moito vocabulario.




Árbores con moitos materiais e de moitas maneiras!



Coñecemos quen é o Apalpador, como é o seu
aspecto e personalidade.
Ata vimos como se escribía o seu nome!



Fixemos outra portada chea de luces




A temática ten moito xogo e non paramos de aprender: clasificamos cores do Nadal, conteo de personaxes Nadal, asociación de cores, psicomotricidade fina decorando árbores con plastilina, trazo...







UVAS DE FIN DE ANO



Coñecemos o que son as badaladas de fin de ano.
Imaxinamos que collemos 12 anaquiños de uva,
contamos ata 12 e FELIZ 2026



Xa estamos preto do inverno e sentimos o frío.
 Como a Betanzos non chegou a neve real,
 creamos neve artificial.
 Como desfrutamos deste experimento!



Non nos libramos dos elfos fedelleiros no cole.
Coñecemos ao Elfo Trastín!
Mandounos cartas que nos animaban a facer retos.
Atopámolo na biblioteca!

VISITA DOS REIS MAGOS

As súas Maxestades Os Reis Magos viñeron facer unha visita aos nenos/as.

Nós pensamos o noso maior desexo para o novo ano e aló fomos a dicirullo, aínda que tamén se nos escapou pedir algún que outro xoguete.



Que emoción!

ANIVERSARIOS

Non podemos rematar sen contar uns dos momentos máis especiais para o alumnado:
o seu aniversario!

Neste trimestre tivemos de aniversario a
Olivia, Suevia e Mauro!

Que ben o pasamos!

Grazas familias polas merendas riquísimas!





Parabéns Olivia!



Parabéns Suevia!



Parabéns Mauro!

